



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DE LUGO

##### Anuncio

Acordo do 26 de abril de 2024 da Dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Baleira (expediente IN407A 2023/08-2).

Con data 18 de decembro de 2024, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "adequación CT Alvaredo -27C508 (Baleira)" no concello de Baleira.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Baleira, deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 05 de xaneiro de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 03 de xaneiro de 2024, para que comparezan o día 19 de xuño de 2024 no concello da Baleira sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Baleira estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 26 de abril de 2024.- O Director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

#### ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto denominado adecuación CT Alvaredo -27C508

Concello de Baleira

Expediente: IN407A 2023/08-2

Finca	Propietario	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio nº	Apoio cantidade	Sup. (m²)	Voo (long.)	Voo (sup m²)
1	Xunta Veciñal de Albaredo	89	126	Cantrocal	Monte alto				3	42
2	Xunta Veciñal de Albaredo	89	135	Pena Cha	Monte alto	70-77-CT	1	10	5	86

R. 1298

**ECMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS**

*Anuncio*

**CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2023, RELATIVO A PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de abril de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o seguinte acordode corrección de erros nos seguintes termos:

**Onde dí:**

**ANEXO I**

**SOLICITUDES ESTIMADAS AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTIC	NIF/CIF	CONCEPTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	BAREMO	CONCELLO	CONCEDIDO
SUBDOT-2023/070	MVMC REGUEIRAL E EIROS		V27325042	MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO LG. DE TORÉS	5.696,00 €	47,5	NOGAIS, AS	5.696,00 €

**Debe dicir:**

**ANEXO I**

**SOLICITUDES ESTIMADAS AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTIC	NIF/CIF	CONCEPTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	BAREMO	CONCELLO	CONCEDIDO
SUBDOT-2023/070	MVMC REGUEIRAL E EIROS		V27325042	MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO LG. DE TORÉS	5.696,00 €	47,5	NOGAIS, AS	5.695,00 €

Lugo, 6 de maio de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023.- O deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1296

**CONCELLOS**

**ABADÍN**

*Anuncio*

**Subsanación de solicitudes proceso de estabilización de emprego temporal**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para a participación nos procesos selectivos para a cobertura, mediante sistema de concurso, das prazas de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo que se convocan ao abeiro do proceso especial de estabilización de emprego temporal no Concello de Abadín e de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas concédese un prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar

desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que se proceda á subsanación das solicitudes presentadas en relación coas seguintes prazas:

- Auxiliar Administrativo
- Auxiliar de Biblioteca e Asuntos Culturais
- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
- Conserxe
- Peón-Conductor/a
- Técnico/a de Educación Infantil
- Traballador/a Social

A relación de aspirantes que deben subsanar a súa solicitude así como as causan que motivan a necesidade de subsanación poderán ser consultadas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Abadín (<https://abadin.sedelectronica.gal/info.0>) e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Abadín.

Abadín, 6 de maio de 2024.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José María López Rancaño.

R. 1306

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei

No Pleno da Corporación de Outeiro de Rei celebrado en sesión ordinaria de 26 de abril de 2018, adoptouse o acordo de aprobar provisionalmente a Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares do Concello de Outeiro de Rei (expediente 112/2018):

Sometida a información pública por prazo dun (1) mes para que os interesados puidesen formular alegacións, non consta ningunha presentada. Con base no anterior o texto publicado no BOP de Lugo de 27 de febreiro de 2024 pasa a estar aprobado definitivamente.

Texto:

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º

A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Solares do Concello de Outeiro de Rei como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento

Artigo 2º

O Rexistro Municipal de ten a consideración de Rexistro Administrativo de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, xa sexan solares ou edificios, que fosen previamente incluídos no mesmo mediante resolución administrativa para o efecto.

Artigo 3º

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Solares abarca a todos os inmobles incluídos no termo municipal de Outeiro de Rei.

TÍTULO II.- DO REXISTRO DE SOLARES

Artigo 4º

Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de Solares os inmobles que se achen nos seguintes supostos:

1.- Solares:

a.- Os solares cuxos propietarios, solicitando licenza de obras, incumpran os prazos de iniciación, conclusión e non interrupción da construción establecidos na propia licenza ou, na súa falta, o establecido na lexislación urbanística aplicable. A caducidade da licenza será declarada previa audiencia do interesado.

b.- Aqueles solares cuxos propietarios, recibindo orde de execución da edificación, deixen transcorrer un ano sen solicitar a preceptiva licenza.

c.- Solares que adquiran tal condición como consecuencia da destrución dun edificio catalogado, mediando incumprimento por parte do seu propietario do deber normal de conservación, cando a Administración non opte pola súa expropiación.

d.- Aqueles solares cuxos propietarios houberen incumplido a oportuna orde de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, incluíndo ordes de limpeza ou de xestión da biomasa vexetal.

2.- Edificios:

a.- Aqueles respecto dos que se incumpra a obrigaón de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivada dunha orde de execución.

b.- Os edificios en ruína.

Artigo 5º

A inclusión no Rexistro efectuarase de oficio ou a instancias de calquera interesado, e efectuarase mediante acordo motivado que deberá incluír, polo menos, aqueles datos urbanísticos, catastrais e rexistrals que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible tanto do inmovible obxecto da inclusión como dos seus posibles propietarios.

Con carácter previo á inclusión dun inmovible no Rexistro de Solares deberá constarse a ineficacia das medidas de execución forzosa das oportunas ordes de execución, edificación ou rehabilitación.

Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:

1. Si se impuxeron tres multas coercitivas sen que os propietarios cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.

2. Se o Concello carece de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a execución subsidiaria da orde de execución urbanística, demolición, edificación ou rehabilitación.

3. Se non se puiden practicar a notificación da orde de execución e esta se practique mediante anuncios no TEU sen que o interesado houbese comparecido no expediente, sempre que se advirta previa e expresamente no anuncio acerca da inclusión do inmovible no Rexistro de Solares.

4. Si se trata de un ben patrimonial de unha Administración Pública ou entidade dependente e incumpriu a orde de execución debidamente notificada.

Artigo 6º

A inscrición no Rexistro Municipal de Solares habilitará ao Concello para tramitar a venda forzosa do inmovible nos termos establecidos na lexislación do chan de Galicia.

A venda forzosa do inmovible efectuarase mediante poxa pública a tramitar mediante procedemento aberto abreviado.

O pago ao propietario do prezo obtido compensarase, total ou parcialmente, con cargo ao importe das sancións ou multas coercitivas firmes en vía administrativa e impostas por razón do incumprimento dos deberes e cargas urbanísticas que recaen sobre o inmovible, así como con cargo aos custos administrativos e tributarios, de valoración e de tramitación e inscrición no rexistro da propiedade.

Transcorridos os prazos previstos na lexislación urbanística de Galicia sen que se perfeccione a venda forzosa do inmovible, a inscrición no Rexistro de Solares quedará sen efectos, e non se poderá volver practicar a inscrición senón unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a súa caducidade.

TÍTULO III.- DO LIBRO REXISTRO

Artigo 7

O Libro Rexistro é o soporte documental no que quedan inscritos todos os inmovibles incluídos no Rexistro.

As certificacións que dos seus datos expídanse terán a consideración de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.

O Rexistro de Solares depende da Secretaría do Concello.

Artigo 8º

O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar constará de dúas seccións:

a.- Sección de solares.

b.- Sección de edificios.

Artigo 9º

As Seccións confeccionaranse con arranxo ás seguintes regras:

- 1.- Corresponde ao Alcalde o órgano en quen delegue acordar a inscrición de inmobles no rexistro, así como a modificación ou cancelación dos correspondentes asentos.
- 2.- Tanto os solares como os edificios para rehabilitar numeraranse correlativamente por orde de inscrición.
- 3.- A transcripción dos datos correspondentes a cada leira inscrita no Rexistro efectuarase mecanicamente. Efectuada a folla será legalizada coa firma electrónica do Secretario do Concello e do Alcalde.

#### Artigo 10º

De conformidade co previsto na vixente normativa sobre réxime local, ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue correspóndelle o exercicio das seguintes atribucións en relación co Libro Rexistro Municipal de Solares:

- 1.- Incoar o procedemento de inclusión no Rexistro.
- 2.- Acordar a inclusión no Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar.
- 3.- A modificación ou cancelación de asentos.
- 4.- O visto e prace de cada unha das follas do Libro Rexistro.
- 5.- O visto e prace das certificacións que soliciten os interesados ou se expidan de oficio para a súa remisión ao Rexistro da Propiedade.
- 6.- As demais que lle atribúan as leis, de conformidade co disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### Artigo 11º

O Libro Rexistro Municipal de Solares expresará respecto de cada edificio ou solar as circunstancias seguintes:

- a) Situación, extensión e lindeiros da leira.
- b) Identidade e domicilio do propietario.
- c) Referencia catastral e datos de inscrición no Rexistro da Propiedade.
- d) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade, con identificación dos seus titulares.
- e) Arrendatarios e ocupantes do inmovible
- f) Datos administrativos:
  - ✓ Número de expediente, orde de edificación e prórrogas concedidas
  - ✓ Declaración de situación legal de ruína/orde de execución incumprida /declaración de incumprimento de deberes urbanísticos o Orde de inclusión
  - ✓ Motivo da inclusión, outras resolucións administrativas que lle afecten, cancelación e motivo da cancelación.
- g) As determinacións dos instrumentos de plan urbanístico aplicables, que figurarán na correspondente cédula urbanística.
- h) A valoración do inmovible.

#### Artigo 12º

Ordenada a inclusión do inmovible por resolución do órgano municipal competente e notificada esta a os interesados procederase de oficio a practicar o asento de inscrición no Libro Rexistro Municipal de Solares.

#### Artigo 13º

Unha vez emendadas definitivamente as circunstancias que motivaron a inclusión dun inmovible no Rexistro poderá procederse, de oficio a instancia do interesado, á cancelación da inclusión do mesmo. Dita cancelación deberá acordarse mediante Resolución municipal debidamente motivada e cos mesmos requisitos esixidos na presente Ordenanza para a inclusión.

Se por calquera circunstancia producíse un erro na inclusión dun inmovible no Rexistro, a Administración de oficio ou a instancia de calquera interesado, procederá á cancelación da inclusión na forma establecida no parágrafo anterior, facendo constar expresamente o erro na Resolución que se dite.

Das Resolucións de cancelación, sexa cal for o motivo destas, darase oportuno traslado ao Rexistro da Propiedade para o seu coñecemento e efectos mediante certificación expedida polo Secretario do Concello.

#### TÍTULO IV.- DA PUBLICIDADE E ACCESO AO REXISTRO

##### Artigo 14º

O Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a Rehabilitar ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condicións de pública consulta, a disposición de calquera cidadán, sen que para ese efecto resulte esixible acreditar a condición de interesado.

##### Artigo 15º

De conformidade co disposto no artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, a orde de inclusión de inmobles no Rexistro Municipal de Solares notificarase ao Rexistro da Propiedade, coa finalidade de estender a publicidade rexistral á situación urbanística da leira A tal extremo remitirase ao Rexistro da Propiedade certificado que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene a inclusión da leira no Rexistro Municipal de Solares, unha vez sexa firme en vía administrativa, facendo constar que se practicaron as notificacións aos titulares rexistrais, así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.

##### DISPOSICIÓN FINAL.-Entrada en vigor

A presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Outeiro de Rei, 3 de maio de 2024.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1300

#### A POBRA DO BROLLÓN

##### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 3/05/2024 o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2024, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no art. 169.3 do Texto refundido da Lei do Regulamento das Facendas Locais aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2004 de 05 de marzo, e disposicións concordantes, expónse o público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que comezará a contarse dende o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao sr. Alcalde-presidente desta Corporación, considerándose definitivamente aprobado de non presentarse ningunha no prazo indicado.

A Pobra do Brollón, 6 de maio de 2024.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1301

#### RIOTORTO

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello, aprobou as bases en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de abril de 2024 que han de rexer no outorgamento de subvencións para o ano 2024.

**Obxecto:** O obxecto das subvencións é a realización de actividades culturais e deportivas, segundo a definición contida no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Riotorto, publicada no B.O.P. de 8 de marzo de 2007 e realizadas dende o 01/01/2024 ata o 30/11/2024.

**Requisitos que deben reunir os beneficiarios:** As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de carácter cultural ou deportivo, así como as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Riotorto.

**Partida presupostaria:** 334-480.

**Prazo de presentación de solicitudes:** As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Riotorto, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén poderá presentarse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Modelo de solicitude:** Obrante na Secretaría Municipal.

**BOP de publicación da ordenanza xeral de subvención:** 8 de Marzo de 2007, 27 de Marzo de 2007 e 19 de Xaneiro de 2009.

Riotorto, 6 de maio de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1302

## SAMOS

### Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 02.05.2024, os padrónsmunicipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizovivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL/2024, expoñenseao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazosen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

\*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

\*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 2 de maio de 2024.- A ALCALDESA PRESIDENTA, D<sup>a</sup> María Jesús López López.

R. 1303

## SARRIA

### Anuncio

O día 04/05/2024, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2023-0663, aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso de selección polo sistema de mobilidade de dúas prazas de policía local, declarando deserta a mesma.

Acordouse a apertura dun novo prazo de presentación de instancias, que será de **20 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado, tendo en conta que as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 017 de data 20/01/2024 e o extracto da mesma no Diario Oficial de Galicia nº 19, de data 26/01/2024

**Expediente núm.: 35/2024**

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE DÚAS PRAZAS DO CORPO DE POLICÍA LOCAL**

#### Antecedentes:

Mediante Decreto 2024-0059, de data 17/01/2024, aprobouse a convocatoria e bases para a provisión polo sistema de mobilidade de dúas prazas do Corpo de Policía Local, escala básica, categoría de policía, grupo C, subgrupo C1, as cales están incluídas na Oferta de Emprego Público 2023 do Concello de Sarria

As bases e a súa corrección foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 017 de data 20/01/2024.

Publicouse extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia nº 19, de data 26/01/2024 e no Boletín Oficial do Estado nº28 de data 01/02/2024, abríndose o prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte desta última publicación.

Constando persoas excluídas e considerando que na base 4.1 se establece que esta alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso, así como os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>.

O día 01/04/2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº75 a Lista Provisional de persoas admitidas e excluídas, outorgándose un prazo de 10 días hábiles para alegacións.

Considerando que non constan alegacións presentadas durante o referido prazo.

De conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar, conforme o punto 4 das bases, a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	ADMITIDO	CAUSAS EXCLUSIÓN
Armesto de Hojas, Oliver	***216***	NON	Ter unha antigüidade mínima de tres anos na categoría de policía (Base 2.1.b)

**SEGUNDO.** Publicar, conforme o punto 4.3 das bases a relación definitiva de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando deserta a mesma.

**TERCEIRO.-** Remitir ao Boletín Oficial do Estado o anuncio para aertura dun novo prazo de presentación de instancias , segundo o prazo fixado na base 3.7, que será de 20 días hábiles dende a referida publicación, e tendo en conta que as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 017 de data 20/01/2024 e o extracto da mesma no Diario Oficial de Galicia nº 19, de data 26/01/2024

Sarria, 6 de maio de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1304

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - MONFORETE DE LEMOS

#### Anuncio

BASES Y CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA LA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO Y MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2024/2025

BDNS (Identif.): 759145

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/759145>)

#### 1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

Esta convocatoria tiene por objeto regular a concesión de ayudas para la adquisición de libros de texto y material escolar complementario destinadas al alumnado empadronado en el Ayuntamiento de Monforte y escolarizado para el curso 2024/2025 en educación infantil (3-5 años), educación primaria, educación secundaria obligatoria o educación especial en alguno de los centros docentes públicos o concertados existentes en el municipio. Las ayudas tienen como finalidad apoyar a las familias con menor renta per cápita del municipio que presenta dificultades económicas para afrontar el gasto que supone el objeto de la ayuda.

#### 2. PERSONAS BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/la de esta ayuda es preciso cumplir los siguientes requisitos en la fecha de finalización del plazo de presentación de las solicitudes:



1. Ser padre, madre, tutor/la o persona encargada de la guardia y custodia del alumno/a que en el año escolar de la convocatoria correspondiente vayan a cursar estudios en las etapas educativas de enseñanza indicadas en esta convocatoria, en cualquiera centro docente, público o concertado, del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

2. Que la renta per cápita de la unidad familiar no supere el 60% IPREM para el año 2024 (360€/mes) en cómputo anual (4.320 € año por persona).

3. Que la persona solicitante así como los y las menores beneficiarios de la misma, se encuentren empadronados y residan efectivamente en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos en el momento de presentación de la solicitud.

4. Que la persona solicitante esté al día en el pagado de los deberes tributarios municipales o en el caso de tener deudas que exista compromiso de pago.

5. No estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario, recogidas en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio de subvenciones de Galicia y en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Excepcionalmente, se podrá eximir del requisito recogido en el punto 2 previo informe de la trabajadora social de referencia de los servicios sociales municipales que tendrá carácter preceptivo pero no vinculante siempre que queden acreditadas las circunstancias de dicha excepcionalidad.

### 3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) en la sección de AXUDAS. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).

### 4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 25.000,00 €.

### 5. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 20 días hábiles.

MONFORTE DE LEMOS, 15 de abril de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1305